

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de outubro de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a denegación da licenza urbanística para rehabilitación e ampliación de edificación existente para edificio administrativo e outros usos do Club Fluvial de Lugo na rúa Fermín Rivera, San Lázaro (exp. 2020/Y001/000204).

Acórdase a concesión da licenza urbanística para a construción de almacén para produtos téxtiles dunha planta de altura en actividade existente con licenza nº 288/05, na avda. Infanta Elena número 213 (exp. 2022/Y001/000193).

Acórdase denegar a licenza urbanística para modificación de instalacións existentes en estación de servizo en hipermercado Carrefour, N-VI, p.k. 501,00 (exp. 2022/Y001/000038).

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas: para mellora enerxética afectando a envolvente térmica e carpinterías, mellora de eficiencia enerxética de iluminación, mellora de accesibilidade, instalación de ascensor, renovación de instalacións e acabados no ceip paradai, sito na rúa Alexandre Bóveda, número 34 (exp. 2022/Y001/000108) e para construír dúas edificacións da mesma superficie separadas entre sí cinco metros para almacén e garda de dúas eguas (gando cabalar) en réxime de animais de compañía, en Astariz, parroquia de San Vicente do Veral (exp. 2021/Y001/000041).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aceptación da entrega por parte da Excm. Deputación Provincial de Lugo da peza artística denominada

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4510398128688817187.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-10-2022

“fonte das lavadeiras”, para a súa colocación na nova praza construída entre as confluencias das rúas Manuel María e Túnel de Oural desta cidade.

3. PERSOAL.- Acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza director/a de gardería municipal pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2020).

Tamén se acorda a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a tres prazas de técnico/a medio de xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna (OEP 2017 e 2020).

Do mesmo xeito, acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de técnico/a de administración xeral pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, promoción interna (OEP 2020).

Acórdase a modificación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de técnico de administración xeral pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (OEP 2015).

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase a desestimación do recurso de reposición interposto contra a liquidación aprobada por acordo da XGL núm. 14/552, adoptado na sesión celebrada o 21/09/2022, por discrepancia respecto á valoración efectuada polo servizo de arquitectura empregada como base impositiva da liquidación respecto ás obras de demolición de edificación existente e construción dunha vivenda unifamiliar na estrada de Santiago, nº 94.

Fora da orde do día

- Acórdase a atribución temporal de funcións de encargado da brigada de vías e Obras do Concello de LUGO.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.